


# UD 1. O INICIO DA IDADE MEDIA

## XERMANOS E BIZANTINOS



# 1. A IDADE MEDIA. ETAPAS E CIVILIZACIÓNS

- **IDADE MEDIA:** Período da Historia que abrangue desde o século V ao XV, máis en concreto, desde a caída do Imperio Romano de Occidente (ano 476) ata a caída do Imperio Bizantino (1453), aínda que outros prolongan o seu fin ata o descubrimento de América (1492)

## - ETAPAS:

### ALTA IDADE MEDIA



476

Séculos V-VI-VII-VIII-IX-X

### PLENA IDADE MEDIA



Séculos XI-XII-XIII

### BAIXA IDADE MEDIA



Séculos XIV-XV

1453

1492


- O acontecimento fundador da Idade Média foi a caída do Imperio Romano de Occidente no ano **476**. **Pero por que caeu o Imperio Romano e como foi?**



Desde o século III começou unha grave **crise interna** no Imperio Romano e os pobos **xermánicos** aproveitaron para atacar as súas **fronteiras**.


Para defendelo mellor e evitar a súa caída, no ano **395** o emperador **Teodosio** decidiu dividir o Imperio en dúas partes:

- O imperio romano de **Occidente**, con capital en **Roma**.
- O imperio romano de **Oriente**, con capital en **Constantinopla**.



A partir de entón, **cada parte seguiu unha traxectoria diferente:**



A) O imperio romano de Occidente sufriu as invasións dos **pobos xermánicos** e, finalmente, no ano **476**, o xeneral xermánico Odoacro acabou co último emperador de Roma, Rómulo Augústulo. A partir de aí o Imperio Romano de Occidente desapareceu e o seu territorio fragmentouse en distintos **reinos xermánicos**.



B) O imperio romano de Oriente logrou **sobrevivir** a caída de Roma e ás invasión xermánicas. Adoptou o nome de **imperio bizantino** e mantívose ata **1453**, ano no que os **turcos** conquistaron a súa capital, Constantinopla.



- Durante a Idade Media **tres civilizacións** distintas desenvolvéronse ás beiras do MAR MEDITERRÁNEO, no espazo dominado anteriormente polo Imperio Romano: **a bizantina, a cristiandade latina e a musulmá.**





 Territorio dominado polo imperio romano no tempo da súa máxima expansión



## 2. O IMPERIO BIZANTINO (I) CARACTERES XERAIS





**Ilustración medieval de Constantinopla, a capital do imperio bizantino**

# Evolución histórica





# Gobierno e administración


## - GOBERNO:

- Na cúspide estaba o **BASILEUS**, o emperador que concentraba todo o poder.
- Numerosos **funcionarios** axudaban ao basileus a gobernar.

## - ADMINISTRACIÓN:

- O imperio dividiuse en **provincias** dirixidas por un xefe político e militar.





Mandos regionales:  
 Ducado de Mesopotamia  
 Ducado de Baspracania  
 Ducado de Caldia  
 Ducado de Antioquía

Abreviaturas:  
 Pa. Paganía  
 Be. Benevento  
 Ca. Capua  
 Do. Dioclea  
 Ce. Celtzine  
 L. Licandos  
 M. Melitene  
 C. Ciudades de la Periferia  
 Tr. Trebunia  
 Za. Zahumlia

**Las provincias (themas) del Imperio bizantino, 1025**

Opsiciano Nombre de tema  
 o Mesembria Ciudad  
 ● Atalea Capital de tema

Principados autónomos

# A economía bizantina

## - AGRICULTURA:


- Era a base da economía. As terras pertencían á nobreza e o clero e eran traballadas por servos.

## - ARTESANÍA:

- Especializada en artigos de luxo: tecidos de seda, tapices, ourivería, etc.

## - COMERCIO:

- Favorecido pola situación estratéxica de Constantinopla. Alí chegaban seda de China; especias, marfil e perlas da India; e ámbar, peles e trigo do norte de Europa.








A idade de ouro de Bizâncio:

## ○ Império de XUSTINIANO (527-565)

**Xustiniano** nasceu numa aldeia da Dácia ao redor do ano 478. A sua origem era humilde, mas foi adoptado pelo seu tio Xustino, membro da guarda imperial, e mudou-se para Constantinopla.



En Constantinopla, Xustiniano recibiu unha boa educación e, despois de rematar os estudos, iniciou a carreira militar. No ano 518, o seu tío Xustino foi nomeado emperador e Xustiniano converteuse no seu principal asesor. Ao redor do ano 525, Xustiniano casouse coa súa amante, **Teodora**, unha antiga bailarina e actriz, vinte anos menor ca el.



Á morte de Xustino no ano 527, Xustiniano foi proclamado emperador.



E Teodora converteuse en emperatriz, polo tanto.

Para gobernar, Xustiniano rodeouse de persoas con talento, e non das procedentes da **aristocracia** de Constantinopla, cuestión que enfadou moito ás familias poderosas da cidade e que case lle costa o posto de emperador.




Os distúrbios de Nika provocaron grandes desfeitas na cidade, e Xustiniano aproveitou para embelecer Constantinopla construindo novos edificios, como por exemplo a **basílica de Santa Sofía**.






**Recreación de Constantinopla na época de Xustiniano**

Un dos logros máis espectaculares do reinado de Xustiniano foi a **conquista** de grandes territorios do Mediterráneo que noutro tempo pertenceran ao imperio. Como emperador cristián romano, Xustiniano consideraba que **era o seu deber divino restaurar o imperio romano ás súas antigas fronteiras**.




Por outra banda, Xustiniano acadou gran fama polas súas reformas lexislativas e, en especial, pola revisión e compilación de todo o Dereito romano: o ***Corpus Iuris Civilis***.



*“La majestad imperial conviene que no sólo esté honrada con las armas, sino también fortalecida por las leyes, para que en uno y otro tiempo, así el de guerras como el de paz, puedan ser bien gobernados, y el principio romano subsista vencedor no solamente en los combates con los enemigos” (Instituta)*



A segunda metade do seu reinado viu-se ensombrecida pola epidemia de peste que se estendeu por todo o imperio. Teodora morreu no ano 548, e Xustiniano aínda viviría vinte anos máis.



# 3. O IMPERIO BIZANTINO (II) A SOCIEDADE E A ARTE


- **A SOCIEDADE** estava organizada em tres niveis:



- **A IGREXA** exerceu unha grande influencia sobre a sociedade bizantina, pero tivo que facer fronte a dous graves problemas:


A) **As loitas iconoclastas**, cando algúns emperadores prohibiron as imaxes sagradas ou iconas.


B) **O Cisma de Oriente** no ano **1054**, que significou a ruptura entre a Igrexa de Roma e a Igrexa de Constantinopla, que pasou a chamarse a Igrexa Ortodoxa.



## - ARTE BIZANTINA:

- **ARQUITECTURA:** similar á arquitectura romana, pero o edificio principal foi a igrexa. Un dos exemplos máis destacados é a basílica de **Santa Sofía de Constantinopla** (século VI)  
<https://www.youtube.com/watch?v=TQrH76-5-VA>
- **MOSAICOS:** Decoraban as paredes e cúpulas das igrexas
- **ICONAS:** Imaxes relixiosas. A maioría estaban pintadas sobre táboa e adoitaban empregar o dourado na representación.






**Igrexa de san Vital  
de Ravenna (Italia)**

# 4. O ASENTAMENTO DOS XERMANOS EN OCCIDENTE

## 4.1. OS REINOS XERMÁNICOS

- Tras a desaparición do Imperio romano de Occidente, entre os séculos **V e VIII** os pobos xermánicos formaron no seu territorio diversos **reinos independentes**.



- Entre os **reinos xermánicos** destacaron:

- Visigodos
- Francos
- Ostrogodos
- Lombardos
- Anglos e saxóns

- Algúns destes reinos foron fortes e duradeiros, outros desapareceron pronto, sendo conquistados por outros.



## 4.2. AS CONSECUCENCIAS DO ASENTAMENTO

1. **POLÍTICAS:** fragmentación do territorio en pequenos reinos. Neles, a minoría xermánica concentrou o poder político.

2. **ECONÓMICAS:** acentuouse o proceso de ruralización e as cidades perderon importancia.

3. **SOCIAIS:** os xermanos convertéronse nunha nova elite militar e guerreira, as clases medias perderon importancia e os servos e escravos multiplicáronse.

4. **CULTURAIS:** a cultura entrou nun período de crise, e as grandes manifestacións artísticas desapareceron.






# 5. OS REINOS XERMÁNICOS (I). OS SUEVOS E OS VISIGODOS.

## 5.1. O REINO SUEVO DE GALICIA

- A comezos do século V, a tribo dos **suevos** fixo un pacto co emperador Honorio polo que poderían asentarse na provincia romana de **Gallaecia** a cambio de manter a orde no territorio e respectar a autoridade romana.
- Os suevos emigraron dende o norte de Europa dirixidos polo seu rei **Hermerico** e establecéronse nas zonas comprendidas entre **Braga e Astorga**.



# 30.000 SUEVOS





formaron un **reino** que abranguía parte de Galicia e Portugal, e estableceron a súa capital en **Braga**




- A fin do reino suevo foi no ano **585**, cando o rei **visigodo Leovigildo** invadiu e anexionou o seu territorio.

- A partir do ano 438 o rei **Requila** iniciou unha serie de campañas militares, con obxectivo de **conquistar máis territorios da península ibérica**, pero foi freado polos visigodos, que dominaban gran parte da península.







Mosteiro de san Pedro da Rocha, Esgos, Ourense.



## 5.2. O REINO VISIGODO: DE TOLOSA A TOLEDO

- Os visigodos tamén eran aliados de Roma e, no ano 418, acordaron co emperador que si lograban expulsar aos vándalos e alanos de Hispania poderían instalarse no sur da provincia romana da Galia.
- Despois de lograr a súa misión, asentáronse na Galia e crearon o **reino visigodo**, con capital en **Tolosa**.



- Ao longo do século V foron expandíndose polo sur dos Pireneos, conquistando gran parte da península ibérica.
- Pero no **ano 507** foron derrotados polos francos nunha batalla e tiveron que marchar da Galia. Entón trasladaron a capital do reino a **Toledo**.




Tras instalarse en Hispania, o rei **LEOVIXILDO** emprendeu unha serie de campañas militares para conquistar os territorios dos **suevos, cántabros e astures**.

Os seus sucesores expulsaron aos **bizantinos** e venceron aos **vascóns**, e así os visigodos lograron dominar toda a península ibérica.



- No ano 589 o rei **RECADERO** converteuse ao **catolicismo**, e a poboación visigoda o imitou. Con isto, o rei logrou a **unidade relixiosa** no reino (a poboación maioritaria era a dos hispanorromanos, xa católicos de antes)



- No século VII o rei **RECESVINTO** logrou a **unidade legislativa** no reino implantando o **Foro Xuzgo**, que eran unhas mesmas leis para visigodos e hispanorromanos.

- No ano **711** os visigodos foron derrotados polos **musulmáns** na batalla de **Guadalete**, o que puxo fin ao seu reino.





## 5.3. O MODO DE VIDA DOS SUEVOS E VISIGODOS

### - ORGANIZACIÓN POLÍTICA

- **Monarquía electiva**
- Monarca asesorado pola **Aula Rexia** (órgano formado por nobres e eclesiásticos)


### - ECONOMÍA

- Centrada na **agricultura**, aínda que na Meseta desenvolveuse a **gandería transhumante**


### - SOCIEDADE

- Encabezada por unha minoría rica, de nobres e alto clero
- No nivel intermedio, pequenos propietarios, artesáns, comerciantes e campesiños
- Na base, os servos





Igrexa de san Pedro de la Nave (Zamora)



San Isidoro de Sevilla, século VII

# 6. OS REINOS XERMÁNICOS (II). OS FRANCOS E O IMPERIO CAROLINXIO

- Os **francos**, despois de cruzar o río Rhin, instaláronse no ano **481** no norte da provincia romana da Galia, onde **Clodoveo** fundou a dinastía **merovinxia**.



- Tres séculos máis tarde, no ano 751, **Pipino o Breve** implantou unha nova dinastía no reino franco, a **carolinxia**, que alcanzou o seu máximo esplendor co seu fillo **Carlomagno (742-814)**




- **CARLOMAGNO** propúxose restablecer a unidade do antigo imperio romano de Occidente.

- Con este fin, **conquistou** os territorios de numerosos pobos, como os lombardos no norte de Italia; os bávaros e os ávaros no centro de Europa; e os saxóns no norte de Alemaña.



- Tras estas conquistas, Carlomagno foi **coroado emperador polo papa León III** no Nadal do ano 800. Non obstante, o imperio só durou ata o ano **843**, pois ao morrer o fillo e sucesor de Carlomagno, **Luís o Piadoso**, dividiuse entre os seus fillos.




## O GOBERNO DO IMPERIO CAROLINXIO

- Carlomagno estableceu a súa residencia en **Aquisgrán** desde onde gobernaba o Imperio, e dividiu o territorio en condados e marcas:

- A) Os **condados** adoitaban corresponder co territorio dunha cidade e estaban administrados polos condes.
- B) As **marcas** eran territorios fronteirizos, cun exército ao mando dun marqués.

- O emperador nomeaba directamente os condes e os marqueses entre as súas persoas de confianza, e estes debían **xurarlle fidelidade** a través dun pacto de **vasalaxe**.





**CERIMONIA DE VASALAXE**



## A CULTURA E A ARTE DURANTE O IMPERIO CAROLINXIO

- Durante o reinado de Carlomagno produciuse certo **renacemento cultural** que tivo o seu centro en Aquisgrán, a residencia imperial. Nesta cidade Carlomagno fundou a **Escola Palatina**, dirixida por Alcuíno de York e inspirada en modelos romanos.

